

A foto do seminario que nunca se fixo. Dúas imaxes e unha *fake*

María Jesús Fortes Alén

A fotografía máis emblemática dos membros do Seminario de Estudos Galegos diante da casa do astrónomo Ramón Aller estivo moito tempo rodeada de polémica. A imaxe máis recoñecida do grupo tomouse en 1934, na xeira de maior éxito e máis concorrida da institución polas terras de Deza. Descoñécese quen foi o autor da impresión, pero non sería disparatado pensar nalgún dos irmáns Barreiro, que ese ano acompañaron os seminaristas para filmar un documental sobre os traballos que realizaban na comarca, ou o mesmo Ramón Aller, cuxa afección pola fotografía quedou recollida en retratos onde aparece cos aparellos necesarios para executar tan moderna disciplina. Ademais, Aller non se atopa no grupo xunto aos seus compañeiros.



Membros do Seminario de Estudos Galegos diante da casa de Ramón María Aller (Lalín, 1934).

Na imaxe aparecen de pé, en primeira fila, Otero Pedrayo, Iglesias Vilarelle, Parga Pondal, Ferreiro Panadeiro, Brañas Cancelo, Osorio Tafall, Fernández Cochón, Vicente Risco, Sebastián González, Antón Taboada, Pedret e Xesús Carro. Por detrás, tamén de esquerda a dereita, Antonio Fraguas, Xaime Vidal Rey, Enrique Longa Vázquez, Ricardo García Suárez (“Xohán Ledo”), Xaime Isla Couto, Manuel Ferreirós Espinosa, Cuevillas, Vicente Fernández Hermida e Ánxelo Ramos Colemán.

Por outra banda, fíxose tamén moita difusión da mesma fotografía cunha singularidade; aparecen ao lado do alcalde de Lalín, Ferreiro Panadeiro, outro seminarista ata agora sen identificar e detrás del, de perfil, Filgueira Valverde.



A imaxe anterior modificada coa inclusión de Filgueira Valverde e outro seminarista.

Na seguinte imaxe destacámolos en cor, para que se aprecie mellor o enxerto:



Nesta versión da imaxe destácase o enxerto.

Este feito deu pé a todo tipo de especulacións e incluso se chegou a apuntar a Filgueira como autor da manipulación por ego persoal e afán de protagonismo, para facer valer, desta maneira, a súa “imprescindible” presenza nas xeirás da institución. Non obstante, está perfectamente documentado que Filgueira participou na excursión a Lalín de 1934, polo que poden desbotarse os chismes anteriores.

Hai relativamente pouco tempo, o Museo de Pontevedra tivo a oportunidade de adquirir a fotografía orixinal da citada montaxe, posiblemente procedente da mesma casa e arquivo de Filgueira. Nela apréciase ao tacto o preciso recorte para integrar os dous novos personaxes no grupo, efecto que pasa case desapercibido nas reproducións posteriores da imaxe manipulada. Chama a atención o bo encaixe do enxerto polo tamaño e pola cor das figuras engadidas, se se ten en conta que Filgueira ou quen fose o autor da manipulación non contaba daquela cos medios tecnolóxicos dos que dispoñemos hoxe en día para modificar as imaxes. De onde se recortou, pois, o anaco cos dous “intrusos”?

A resposta atópase nun artigo de Gerardo Álvarez-Gallego na revista ilustrada *Estampa* de Madrid do 12 de outubro de 1935 titulado “Estudiantes de Galicia. De las tunas de ayer a los seminarios de hoy”. Só coñecemos esta publicación por un recorte de prensa conservado no cartafol documental reunido con motivo da celebración en Pontevedra do 1.º Curso de Extensión Escolar no verán dese mesmo ano.

ESTUDIANTES DE GALICIA

DE LAS TUNAS DE AYER A LOS SEMINARIOS DE HOY

UNOS HUÉSPEDS EXTRAÑOS

¿Q UE extraños huéspedes son estos que pueblan los veranos por los agros rizados, las congostras sombrías o los venecios galjareños de las comarcas de más carácter de Galicia? Los labriegos, que sulfatan el viñedo o cavan el maíz bajo el sol justiciero de julio, alzan un momento, sorprendidos y regeñados, las caras tostadas para contemplar con atención aquí ir y venir de tan raros visitantes. Durante una temporada, efectivamente, mañana y tarde, los ven doblarse sobre el campo agostado para examinar cuidadosamente, a través de una lupa, una flor, a la que ellos jamás dieron importancia, o contemplan cómo sudan en el pueril entretenimiento, increíble en personas serias, de cazar una mariposa rebelde, o de qué manera se paran a recoger muchos de los *croquis* —piedras de los caminos— que a nalle en la aldea se le hubiera ocurrido guardar. Las gentes aldeanas, que se cruzan con estos grupos de hombres jóvenes y muchachos hábiles, a lo mejor haciendo fotografías de la casa más rumsa del lugar o abrazando con una cinta métrica el estru más alto, se somríen azarradamente.

—Pero qué *zetas* serán istos? Que a demo me leve si nos se cañ sobre a aldeas unha sabe de todos. Danzan todas las hipótesis. Aquellos sujetos con traza de señoritos, tan arbitrariamente vestidos—amplia camisa *spor* sobre fuertes leguis de caballistas, la media inglesa y el *sweater*, el “mono” de mecánico o el pijama de colorines—, que se están una hora deletrando la inscripción de la humillísima iglesia románica o dibujando el Cristo de piedra de un cruceiro espartado, y que juegan dinero si se les cuenta un romance, son cuerpo que ya nadie recuerda; o se les canta un villancico navideño, que sólo haban las ancianas de noventa años; aquellos sujetos deben estar mal de la cabeza... ¿Qué otra cosa más que locos pueden ser? ¿Ingenieros? No son las tierras de Melide, de Carballedo o de Deza—no son las tierras gallegas—de las que vivan con la esperanza de que una línea férrea alegre su fe-

racidad incomunicada con una diana de silbidos de locomotora. ¿Acaso tratantes? ¿Quizás acaparadores de castañas o de cebollas para exportar? ¿Quién sabe lo que habrán dechao de las indumentarias arbitrarias! Por de pronto, nadie imagina en la aldea qué oficio será ese de andar preguntando cómo se hacen allí los testamentos y qué formas adopta el contrato de aparcería, o quién sabe algún refrán antiguo... ¡Mal o, malo! La suspicacia aldeana—la santa suspicacia defensiva—no espera nada bueno de aquellos pajarracos, tan preguntones y con gafas. ¡Seguramente que todo parará en que les suban otra vez la contribución...

EL ESTUDIANTE DE “LA CASA DE LA TROYA”

Fuó hace veinte años... Aún la estampa del estudiante *La Compostela*, que populóron *La casa de la Troya*, colgaba de las paredes humosas, en las posadas estudiantiles de Santiago de Compostela. Entonces, el escolar que desembocaba en la Universidad llevaba la sugerencia de la mala prosa y de la buena simpatía de la novela de Alejandro Pérez Legido. Todavía no hiciera crisis definitiva para la exportación, la leyenda truhán del estudiante de Compostela.

La Compostela llusina, monumental y evocadora, que ha sentido en sus raras silencias las guitarras de la tuna de antaño.

Porque las páginas de la novela troyana proyectaron, España adelante, la película de una Galicia poco extrañable, pitoresca y divertida. Más que sus personajes, vagaba hace veinte años por Compostela la última viñeta de la vida estudiantil masculinar, entroveada de candidas travesuras; harto de unos cherezos ch cualquier signo de los aldeanos; pueril aventura de un campaneo, escandaloso y unánime, de llamadores de portal, obedientes a la disciplina de un solo bramante picares, manajulo en la sombra por un grupo de estudiantes, que así divertían las horas de la prima noche; permuta del Libro de las Cuarenta Hojas por los libros de texto—no comprados o empedados—en el dormitorio; cacao y apesoso tabaco malo, del hostal en el que los estudiantes se hacían tabacos de la calderilla... Y las últimas *unas*. Las ron lallas estudiantiles, cada vez menos; umerosas y más desahucadas en calidad presidencial—rica cantera, de donde salieran en otro tiempo muchos que fueron después grandes figuras de la política española—, eran, en realidad, las pálidas cuentas vigentes de cuentas asperjaban los tarros guardados en conserva en los capitulo amenos de *La Casa de la Troya*.

APUNTE DEL UNIVERSITARIO DE URGASO

Veinte años después, como en las películas, la acuarela tónica del escolar universitario de Galicia cambian. Y es que venia de toda Europa un aire nuevo, Compostela se renovaba de las evocaciones de otrora. Ya no se veían calzas seditas, ni gofas rizadas, ni sobre el jubón de lino, los mostachos de una juventud, que los conservaba entusiasmado a fuerza de




Profesores y alumnos del Seminario de Estudios Gallegos, dispuestos para emprender una de sus viajes de investigación a los escudados lugares que quedan de las viejas tradiciones olvidadas.

Recorte da revista *Estampa*. Madrid, 12 de outubro de 1935.

Unha das estampas que ilustran o devandito artigo foi impresionada o mesmo día que a fotografía oficial de todos coñecida, onde aparecen algúns membros cambiados lixeiramente de posición pero coas mesmas vestimentas. Cara a un lado, prolongando o encadre lonxitudinal, están Filgueira Valverde e o seu

compañeiro descoñecido. Dunha matriz desta foto recortáronse as dúas figuras da polémica para introducilas nun formato máis recollido, e incluso se recorta un anaco do brazo de Otero Pedrayo. O que aínda non sabemos é se se conserva algún orixinal desta segunda imaxe e onde se atopa.



Fotografía na revista Estampa. No extremo esquerdo aparecen as figuras de Filgueira Valverde e outro seminarista que se recortaron para engadir na outra fotografía da mesma xornada.